

RESOLUCIÓN REITORAL DE DATA 2 DE FEBREIRO DE 2026 POLA QUE SE ENCOMENDA A XESTIÓN DO ÁMBITO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS A JOSÉ BENITO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Debido á situación acaecida de ausencia temporal da persoa titular do posto de Administrador/a do ámbito de ciencias experimentais publicouse en data 27 de xaneiro de 2026 a provisión do posto de Administrador/a do ámbito de ciencias experimentais mediante o sistema de comisión de servizos.

Resultando que rematado o prazo de presentación de solicitudes o citado procedemento quedou deserto ao non terse presentado candidaturas.

Considerando que resulta necesaria a cobertura do posto para garantir o adecuado funcionamento dos servizos administrativos e que concorren razóns de necesidade e urxencia debidamente xustificadas,

RESOLVO

Primeiro. Declarar deserto o procedemento de provisión do posto de Administrador/a do ámbito de ciencias experimentais, convocado mediante comisión de servizos.

Segundo. Proceder a encomenda de xestión do ámbito de ciencias experimentais a José Benito Rodríguez González (Director de centros de apoio á investigación) con efectos desde a data da resolución, ata que o posto sexa ocupado pola persoa titular do mesmo.

Terceiro. Notificar a presente resolución á persoa interesada.

Vigo, na data da sinatura dixital.

O reitor,

Manuel Joaquín Reigosa Roger

